

Un home bó, galeguista e cristián

■ VICTORINO PEREZ PRIETO

Antonio Machado, poeta onde os haxa, confesábase nun maxistral "Retrato": "Son, no bó sentido da palabra, bó". Don Ramón Otero Pedrayo non chegou a facer tal confesión, ó menos por escrito —que eu sepa—, mais o seu gran amigo Xaquín Lorenzo —"Xocas"— sí que o fixo: "O primeiro pensamento que lle viña a un á mente diante deste home era: Estou frente dun home bó. Porque a sua bondade enorme revelábase no xesto, na mirada, na expresión. Nunca vin dunha maneira tan clara a realidade daquello de que a cara é o espello da alma" (1).

Falar da bondade de Don Ramón non é dicir nada novo, tódolos que o trataron, e os demais polo que oiron del —que xa non é pouco acadar tal unanimidade de opinión sobre dun home!—, saben da cortesía e agarimo que tiña con todos, calquera que se achegara a el, da condición que fora; saben da sua tenrura e comprensión, da sua humildade e xenerosidade. Sen dúbida é un xesto revelador que o seu derradeiro escrito, "Lembrando a Ramón Cabanillas", fora precisamente para unha pequena revista escolar de Santiago, feita a multicopista" (Eidos). E ainda agradecía que se lembraran del, cando lle pediron a colaboración! El, que asulagou xornais, revistas e libros, de dentro e fora de Galicia, co seu saber.

Abonda con ollar o seu **Libro dos amigos**, para ver a estima en que tiña este home a amistade. Amistade na que "sempre deu más do que recibiu", como ben dixo Ramón Piñeiro.

Pero Otero Pedrayo foi mais que un home bó, anque iso xa non sería pouco dicir del.

• Un galeguista cristián

Sobre o galeguismo de Otero correron xa, con toda xusticia, regos de tinta. Abondaría para afirmalo rotundamente as tantas veces repetidas verbas de Castelao no exilio: "Abrazarte a ti é abrazar a Galicia". Ou como dixo Manuel María de xeito tan fermoso: "Andar pola obra de Otero Pedrayo é andar pola alma do pobo galego" (2). Certamente, tiña razón Cunqueiro: "Un tan noble carballo, unha tan irreprochable fogueira, so se da unha vez na vida dunha nación", pois Galicia foi "o gran tema" que tivo frutíferamente na mente e no corazón (3). A sua fidelidade a Galicia quedou mais que probada, en fin, coa sua obra, escrita en galego no fondo e na forma, e a sua vida, fiel ata a morte ós principios elexidos de mozo.

Do seu sentimento relixioso e fe cristián alguén chegou a dicir que "a nota esencial de Don Ramón é a relixiosidade, fondamente sentida, fecundante da sua caudalosa obra literaria" (4). Xa corenta anos antes, unha revista calificába de "a mais rexa persoalidade leiga do catolicismo galego" (5). Esta fe confiada levaría a Don Ramón a afirmar, xa no solpor da sua vida, tra-la morte de Dona Fita, "so os amigos, despois de Xesús, sodes a lus neste triste solpor".

O catolicismo de Otero era, como el mesmo dixo nalgúnha ocasión, mais que unha relixión, unha psicoloxía, un talante vitalista (contraposto en **Fra Vernero** á tristura e a angustia protestante). Fe cósmica e mesmo telúrica, preñada dun xeito de mística galega, que levou a falar dun "panteísmo oterián". Panteísmo —en todo caso— non no sentido teolóxico, pois chocaría frontalmente coa sua clara fe nun Deus persoal, Pai agarimoso. Se acaso, nun sentido franciscán de amor a todo o creado, de ver a presencia de Deus en tódalas cousas (moi distinto que ver a Deus desleido en tódalas cousas, sen unha realidade trascendente a elas). Desta maneira, chegou a falar do seu "vencellamento afectivo, físico e espiritual á terra", pois "o amor á terra somente se explica cun vencellamento absoluto ca terra" (6).

Galeguismo e cristianismo, en fin, non coma realidades contrapostas, senón intimamente vencelladas nel ata o momento final, no que a sua derradeira vontade foi "ir vestido para a terra co hábito do pobrío de Asís" e "enriba do meu peito a bandeira galega".

Non foi moi natural esta unión entre galeguismo e cristianismo na moderna e contemporánea historia de Galicia, sobre todo na "longa noite de pedra", na que chegaron a semellar realidades irreconciliables, ubicadas en bandos enfrenados. Nunca o entendeu así Don Ramón, que soupo casar maravillosamente ambos entre esperanza e dor, radicalidade e prudencia, e sempre con amor e comprensión. En realidade,

foi consecuente coa mais xenuina tradición galega: Galicia non sería tal sen a impronta do cristianismo, e, pola contra, ¿cómo ser cristián nesta Terra, sen amala e identificarse con ela no seu mais íntimo ser?

• Foi fundamentalmente en duas obras onde Otero tematizou este vencello natural existente entre Galicia e Cristianismo: o **Ensaio histórico sobre a cultura galega** e **A romeiría de Xelmirez**, especialmente na primeira (7).

A tese do **Ensaio...** é proclamada claramente polo mesmo Otero: "No cristianismo atopou Galicia a verdadeira patria do seu espíritu" (p. 68). O libro é un prodixio de análise fonda e síntese precisa do home galego na sua evolución histórico-cultural. Por outra banda, foi calificado xustamente pola Igrexa do seu tempo coma "un limpo canto á catolicidade do noso pobo" (8). Inevitablemente, váisenos a mente a Chateaubriand, o vizconde romántico francés tan querido por Otero, que morreu coas suas "Mémoires d'outre-tombe" nas mans; coma el, para Don Ramón o cristianismo é a "luz da Historia", que dicia Chateaubriand, e que Otero chama "o fio conductor" da historia galega.

Para Otero Pedrayo, se a romanización foi un feito capital na historia de Galicia, ésta realizouse mais "polo imperio da Idea", que pola "forza do Imperio": o cristianismo foi o factor primordial da latinización de Galicia. Coa cristianización o pobo galego acadou a sua definitiva identidade —dí—; cristianismo que fóndese co sustrato anterior sen destruir nada, deste xeito, nas festas cristianas resoarán sempre o eco relixioso e a fe dos devanceiros (p. 41). Certamente, ésta pretendida convención perfecta entre a base étnico-relixiosa-cultural ancestral do pobo galego e o cristianismo, non foi tan clara como afirma Otero, pois en xusticia non se pode esquecer certa represión eclesiástica dos costumes étnicos (o "contencioso entre o mester de clerecía e o mester de xograría" do que fala Chao Rego). En fin, no cristianismo atopou Galicia a sua "patria da identidade", con el "descobre o seu destino", dí na sua fermosa **Guía de Santiago de Compostela**. A historia do Apóstolo é —non podía ser menos— o punto esencial desta cristianización, e ainda Otero chega a chamala "o tema esencial da historia de Galicia".

Punto conflictivo desta unión da realidade galega e cristián na nosa historia foi Prisciliano, un dos galegos mais admirados por Otero. Non chega a facer as afirmacións de Castelao, pero suliña a importancia capital do priscilianismo, como movemento de adaptación da relixiosidade céltica á cosmovisión cristián. Mais Otero non esquece que Prisciliano morreu coma un herexe, pois, a pesares de ser "o primeiro teólogo galego", "a ecumenicidade de Roma era necesaria e salvadora", confesa amargamente. Tamén

outro gran galego, que si superou o conflicto, San Martiño de Dumio, "amou fondamente a Galicia e chorou por Prisciliano" (p. 69). Non esquece igualmente Otero neste proceso ó arcebispox Xelmirez, egrexio eclesiástico que non dubida en calificar de gran galego: "o fino artista psicólogo, o político, e o idealista cargado de experiencia, coordinase esencialmente co galego".

Tras do esplendor medieval, sobranceiro na época das peregrinacións xacobias, e a euforia barroca, Otero non pode menos que salientar o esmorecemento dos séculos posteriores, mais afirmando con rotundidade que o decaimento deste vencello entre cristianismo e Galicia, coincide co esmorecemento da mesma Galicia, que perde o seu Norte. No XIX o "fogar de Breogán", parece espertar do seu sono, e outra volta a Igrexa, da man de cregos ilustrados e amantes da sua terra, acada o seu papel no proceso histórico: Saco i Arce, López Ferreiro, Amor Ruibal, Basilio Alvarez e o arcebispox Lago, cada un desde o seu eido particular. ¡Qué fermosa e expresiva aquela frase de Lago González, verdadeira definición de todo un modo de ser cristián en Galicia: "Amando a Galicia, amaremos a Deus e seremos fondamente cristiáns"! Certamente, Otero fixo esta afirmación carne da sua carne; convencido de que a Galicia ideal que soñaba había chegar da man da fe cristián: "Unha nación que cantara na fermosa lingua dos campos, coa gloria do traballo, a gloria de Deus... Esa Galicia está disposta para o vir. Chegará. O Santo Apóstolo veu para algo mais que matar mouros" (9). ¿Romanticismo? ¿Arcadismo bucólico? Quizás. Pero tamén expresión dunha fonda e activa fe cristián e galeguista. Unha fe que segue tendo moito que dicir. En primeiro lugar a unha Igrexa que, esquecendo o encargo liberador que lle confiara o seu Mestre, traió a sua misión e convertiuse nunha Igrexa "descentrada" de si mesma, "fora de si", sin ocupar o posto que lle corresponde na Terra á que pertenece. Pero tamén os galeguistas, que demasiado habitualmente antepoñen as suas banderías á entrega incondicional á causa dun pobo e unha Terra.

1. En "A sombra inmensa de Otero Pedrayo", extra 9 de "A Nosa Terra" (1987).
2. En "Homenaxe da Galicia Universal" (1958).
3. En "Nuestro amigo Ramón Otero Pedrayo" (1979).
4. X.F. Ogando, en "Grial", 52 (1976).
5. "Logos", 32 (1933).
6. En "Unha ducia de galegos" (1976).
7. Utilizamos a edición portuguesa do "Ensaio..." (Lisboa 1954), recentemente foi reeditado por Galaxia.
8. "Logos", 32 (1933).
9. "Arredor de si" (Vigo 1970), p. 49.

